

Reunión Ordinaria da Comisión de Titulación do Grao en Enxeñaría Química

Data:

10-04-19

Orde do día:

1. Aprobación, se procede, das actas das reunións do 27/03/2019
2. Informes
3. Horarios armonizados TFG/TFM
4. Quenda aberta

Asistentes: J. González, A. Mosquera, F. Omil, M.C. Palacios

Excusan a súa asistencia: M.S. Freire, E. Rodil, J.M. Garrido, R.A. Guerra

O día 10 de abril ás 12:00 h na Sala X3.2 da ETSE, reúnese a Comisión da Titulación do Grao en Enxeñaría Química cos asistentes que se indican.

1. Aprobación da acta da Comisión da Titulación do 27/03/2019

Apróbase a acta da reunión da Comisión da Titulación do 27/03/2019

2. Informes

2.1. Solicitud de reasignación da materia Economía da empresa (G4021203)

A Vicerreitoría de Organización Académica enviou un escrito á ETSE no que indica que vista a proposta de PDA realizada pola ETSE para a titulación Grao en Enxeñaría Química (G4021V01), e tendo en conta o Acordo do Consello de Goberno do 20/12/2018, polo que se aprobou a Normativa de Planificación Académica Anual para o curso 2019/2020 e a situación de determinadas áreas que teñen encargo docente na titulación, antes da aprobación do PDA:

a) solicita do centro que faga unha nova proposta na que se libere encargo docente da área 230 *Economía Financeira e Contabilidade* encargada actualmente da materia *Economía da Empresa* (G4021203).



@etse_usc

@EnxQuim_USC

A liberación podería levarse a cabo mediante:

1. Proposta de retirada da oferta de materias optativas, de ser o caso, sempre que se respecte a ratio e non afecte a mencións. Este non é o caso da materia Economía da Empresa que é de formación básica.
2. Reasignación desa docencia a outras áreas adscritas con igual ou menor afinidade e que dispoñan de recursos. Neste caso existen outras tres áreas ás que se lles pode asignar esta materia con distintas afinidades.

Código	Área	Afinidade
225	Economía aplicada	3
095	Comercialización e investigación de mercados	1
650	Organización de empresas	1

Consultada á xestora de centro o Departamento de Economía Aplicada ten dispoñibilidade de recursos. Polo tanto a proposta da comisión será que se efectúe a reasignación da materia á área de Economía Aplicada por ser a área de maior afinidade.

Os seguintes puntos do documento da vicerreitoría non requiren de ningunha resposta da comisión.

- b) faí unha redución de 1 grupo de seminario na materia 106 (área 265 Estatística e Investigación Operativa) que a continuación se relacionan, para que o número de alumnos, por grupo, sexa o máis próximo aos módulos aprobados na Normativa de PAA.
- c) aproba o aumento de 1 grupo de docencia expositiva e interactiva (seminario e/ou laboratorio) solicitado para impartir en inglés as materias, G4021104, G4021123, G4021202, G4021204, G4021226, G402225, G4021322, G4021325 e G4021326.
- d) oferta as materias G4021324 e G4021421 no 2º semestre para impartir a docencia en inglés, aos alumnos de intercambio.

2.2. Definición do número máximo de páxinas para o TFG

Na reunión da Comisión de TFG do Grao de Enxeñaría Química do 25/03/2019 decidiuse limitar o número de páxinas dos TFG xa que estase a observar que o tamaño dos mesmos tende

 : @etse_usc @EnxQuim_USC

a crecer sen xustificación. Polo tanto decidiuse que o límite máximo permitido do documento impreso (Documento 1, ver abaixo) será de:

- a) 300 páxinas para o TFG individual
- b) 350 páxinas para o TFG en grupo de dúas persoas
- c) 400 páxinas para o TFG en grupo de tres persoas

Tamén se decidiu que por cada TFG elaboraranse dous documentos en formato pdf que se subirán á secretaría virtual e se entregarán en formato dixital na secretaría da ETSE.

- Documento 1 (este será o documento que se presente tamén impreso en papel): incluirá todo o material que non inclúe o Documento 2.
- Documento 2 (este non se presentará no documento impreso en papel): incluirá o Prego de Condicións, Fichas de Seguridade e Estudio de Seguridade e Saúde.

3. Horarios armonizados TFG/TFM


Co fin de establecer un calendario armonizado de datas de presentación de defensa dos TFG/TFM de cara a gravalos na aplicación xescampus para o curso 2019-20 se solicita dende a ETSE que a comisión do GrEQ a revise e aprobe se considera oportuno as datas de presentación de solicitudes, defensa e revisión de TFG e TFM.

Despois de revisar todas as datas e dado que no caso da convocatoria de Febreiro o prazo dispoñible para a lectura dos traballos por parte dos tribunais é inferior a dúas semanas, e os mesmos profesores poden ter que participar nas mesmas datas como membros dos tribunais de algún dos másters, se propón que a entrega dos TFG se adiante do 7 ao 5 de Febreiro.

a) Quenda aberta

Sen máis asuntos que tratar dáse por rematada a xuntanza ás 12:30 h.

En Santiago de Compostela, a 10 de abril de 2019



Asdo.: Anuska Mosquera Corral

Coordinadora do Grao



@etse_usc

@EnxQuim_USC